

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 9

SESION ORDINARIA DO 28 DE XUÑO DE 2017

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura (incorpórase ás 9,06 h.)
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa (abandona o salón de Plenos ás 9,08 h.)
Figueroa Vila, José M. (abandona o salón de Plenos ás 9,08 h.)
Gago Bugarín, Diego José (abandona o salón de Plenos ás 9,08 h.)
González Sánchez, Elena (abandona o salón de Plenos ás 9,08 h.)
Muñoz Fonteriz, Elena (abandona o salón de Plenos ás 9,08 h.)
Piñeiro López, Ángel (abandona o salón de Plenos ás 9,08 h.)

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois (abandona o salón de Plenos ás 9,09 h.)
López Barreiro, Margarida (abandona o salón de Plenos ás 9,09 h.)
Pérez Correa, Rubén (abandona o salón de Plenos ás 9,09 h.)

NON ASISTEN:

Fidalgo Iglesias, Miguel (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e tres minutos do día vinte e oito de xuño do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride

Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello convocado por orde do día en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(89).- ACTAS ANTERIORES: (ACTA ORDINARIA 26.04.2017)

(No momento da votación atópase ausente a Sra. Abelairas Rodríguez).

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 26.04.2017.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Unha cuestión de orde, quería tomar a palabra. O artigo 63 do Regulamento deste Pleno establece a posibilidade que temos os grupos da oposición de presentar mocións de control. O artigo 42 do Regulamento establece claramente que esas mocións de control serán incluídas na orde do día; por decisión unilateral do Sr. Alcalde o venres foi excluída unha das mocións que

presentou este grupo municipal, a ten que ver coa situación da pedanía de Bembrive. Cremos que en cumprimento do que establece o Regulamento esta moción debería ser debatida no Pleno de hoxe e solicitamos que se inclúa na orde do día para a súa discusión porque senón, o contrario suporía unha decisión unilateral grave; un precedente extraordinario e dende logo un atentado contra a democracia deste Pleno.

SR. LÓPEZ FONT: Evidentemente a moción presentada polo Partido Popular non é nin unha moción de resolución nin é unha moción de control e a proba está en que o recoñeceron vostedes mesmos. No punto primeiro se dicía reprobar a alguén totalmente alleo a este Concello. A Entidade Local Menor de Bembrive é un ente local totalmente alleo a este Concello e vostedes posteriormente recoñeceron o ilegal do primeiro punto que pretendían como acordo cando dixeron que presentaban unha nova moción co segundo punto; pero mire, Sra. Muñoz, non nos vai enganar, vostede utilizou isto como unha estratexia e presentou esa segunda moción cando xa o Pleno estaba xa convocado polo tanto non se podía incluír esa segunda moción na Orde do Día. Pero é peor aínda, o que a vostede lle interesaba era montar este “numerito” porque vostede tiña a opción de ter presentado esa moción por vía de urxencia e non a quixo presentar. É todo un cúmulo de despropósitos en canto á orixe, á intencionalidade e en canto a posibilidade que vostede tivo.

PRESIDENCIA: Cuestión de orde escoitada, continuamos co Pleno.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Lamentar que así se entenda a democracia e a maioría absoluta neste Concello.

PRESIDENCIA: Non ten vostede a palabra, señora concelleira.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Non está para iso Sr. Alcalde.

PRESIDENCIA: Antes de pasar ao punto das moción gardaremos un minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia de xénero.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

Incidencia: Os concelleiros presentes do grupo político municipal do Partido Popular abandonan o Salón de Sesións.

MOCIÓNS:

2(90).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO AO PARLAMENTO DE GALICIA A APROBAR UNHA LEI DE IDENTIDADE DE XÉNERO NA ACTUAL LEXISLATURA. REXISTRO PLENO 1561/1101.

SR. PÉREZ CORREA: A nós gustaríanos poder debater con tranquilidade esta moción e outras que hai como a que ten que ver coa festa máis importante desta cidade que é a Reconquista pero non imos a sentar o precedente de avalar este Pleno; para nós o que se acaba de explicitar aquí é un golpe de Estado ao Pleno deste Concello. Este Concello ten reprobado publicamente ao Sr. Joaquín Almunia, ao Sr. López Chaves, este Pleno ten feito debates absolutamente abertos. É a primeira vez que sen un informe xurídico se elimina unha moción da orde do día, isto senta un precedente, senta a realidade política que veñen vostedes orquestrando dende hai anos, eliminar mocións para o Pleno. Deixen ao resto dos grupos facer preguntas e presentar mocións. Nós non imos avalar este Pleno, non imos avalar estas prácticas e pedimos unha rectificación, unha suspensión do Pleno e volver a convocalo con dereitos democráticos para tódolos grupos, sexa o Partido Popular ou sexa a Marea de Vigo, porque o precedente que sentamos hoxe vai ser un precedente que tamén se lle vai aplicar de maneira unilateral a este grupo.

Polo tanto, nós non imos falar neste Pleno e tamén abandonamos o mesmo.

Incidencia: Os concelleiros do grupo político municipal de Marea de Vigo abandonaron o Salón de Sesións.

SR. LÓPEZ FONT: Simplemente dicir que para respectar e facer unha alegación á democracia o primeiro que hai que respectar é o Regulamento deste Pleno e na miña breve intervención anterior, deixei moi claro que o Partido Popular houbera tido forma de presentar novamente unha moción, pero o que trataba era de chegar a este “numerito” e abandonar o Pleno nunha actitude claramente antidemocrática. Aquí non hai ningún recorte de dereitos, aquí hai unha aplicación estrita do Regulamento do Pleno e o que hai é unha coincidencia nos modos antidemocráticos tanto do Partido Popular como de Marea de Vigo ao abandonalo; alá eles coa súa decisión, este Pleno foi convocado legalmente e o Partido Popular, como dixen anteriormente, tiña opcións dentro do que é o Regulamento. Menos leccións de democracia porque a nós, a este grupo municipal Socialista, ninguén nos vai dar leccións de democracia nin do cumprimento do Regulamento do que nos dotamos absolutamente todos. Polo tanto, estamos ante unha actitude antidemocrática porque vai en contra dos cidadáns aos que se lle furta os debates que se deben producir neste Pleno; eles son responsables da decisión que adoptaron, nós actuamos de acordo coa normativa, sempre a cumprimos, a seguimos a cumprir e dende logo non recibimos leccións de democracia de ninguén porque a practicamos de sempre e a seguiremos practicando. Alá os que abandonaron un órgano lexitimamente elixido polos cidadáns que debe ser un órgano de debate e no que algúns queren ausentarse porque detrás de todo isto está a falla de argumentos, de confrontar o que son os lexitimos argumentos. Nós continuamos como sempre no Pleno porque é a nosa obriga que tamén sería a deles.

PRESIDENCIA: A moción de Marea de Vigo queda retirada por indefensión.

3(91).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO

PLENO DO CONCELLO A ASUMIR A VONTADE POLÍTICA DE IMPULSAR A FESTA DA RECONQUISTA DE VIGO PARA QUE SEXA DECLARADA “FESTA DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL”. REXISTRO PLENO 1567/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 7 de xuño de 2017, número 1567/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Iglesias González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Dende 1994, vense organizando en Vigo a Festa da Reconquista no Casco Vello da cidade. Unha festa de tradición, que tamén é unha viaxe ao pasado da cidade, concretamente ao 1809, a unha época na que Vigo era un pobo mariñeiro, protexido pola muralla e o castelo e estaba rodeado de vilas, recreando de forma respectuosa a ocupación e posterior expulsión da cidade das tropas napoleónicas.

A festa atrae a xentes de cada vez máis lugares, con actividades pensadas para todas as idades, e fomenta a participación de todos os que se achegan, sendo este o motivo de que cada edición a implicación nas representacións así como a afluencia do público supera en éxito a anterior.

O mercado tradicional e os seus postos, a animación nas rúas e a representación dramatizada e os distintos puntos da cidade da toma da praza por parte dos franceses e posterior expulsión das tropas, ca presenza de personaxes tan coñecidos como Aurora, Cachamuiña, Carolo, ou o abade de Valadares fan desta festa un exemplo de como unir tradición, historia e modernidade.

Rodos estes motivos fan da Festa da Reconquista unha candidata ideal para ser declarada Festa de Interese Turístico Nacional.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

-Instar ao Pleno do Concello de Vigo a asumir a vontade política de impulsar a Festa da Reconquista de Vigo para que sexa declarada “Festa de Interese Turístico Nacional”.

PRESIDENCIA: Dáse por defendida e polo tanto pasamos a súa votación.

(No momento da votación non están presentes os membros do grupo municipal do

Partido Popular nin os membros de Marea de Vigo).

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 7.06.2017 (Rex. Nº 1567/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Iglesias González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

4(92).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 25 de maio de 2017 e 22 de xuño de 2017.

5(93).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 25 de maio de 2017 e 22 de

xuño de 2017.

MOCIÓNS.

6(94).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A INMEDIATA ADHESIÓN DO CONCELLO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E A FGAMP PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS. REXISTRO PLENO 1570/1101.

PRESIDENCIA: Esta moción queda retirada por indefensión.

7(95).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

Non se formularon.

8(96).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e trece minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.